

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL FISTERRA

Oferta Extraordinaria de Emprego Público para a estabilización do emprego temporal no concello de Fisterra - ano 2022

EXPEDIENTE: 2022/G003/000195

ASUNTO: Aprobación de oferta extraordinaria de emprego público 2022 para a estabilización de emprego temporal, que cumpre as previsións do artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público

RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

ANTECEDENTES:

Visto o informe sobre o proceso de estabilización de emprego temporal no concello de Fisterra, emitido pola Asesoría Xurídica da Excm. Deputación Provincial de A Coruña, de data 11/04/2022, que consta no expediente.

Considerando os informes da Secretaria - Intervención Accidental, ámbolos dous de data 13/05/2022, que obran no expediente.

Resultando que se efectuou previa negociación coa mesa xeral negociadora o día 14/03/2022, resultando positiva sen intervención en contra.

Tendo en conta, a seguinte lexislación aplicable:

– O artigo 2, Disposición adicional primeira, cuarta, quinta, sexta, oitava e novena, e Disposición transitoria primeira da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

– Os artigos 10, 11, 37, 69 e 70, e a Disposición Adicional Cuarta do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro.

– O artigo 128 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril.

– Os artigos 91 e 21.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Aprobar a oferta extraordinaria de emprego público deste Concello para o ano 2022, para a estabilización de emprego temporal, que contén as seguintes prazas:

DENOMINACION PRAZA	CATEGORIA	Nº PRAZAS	SITUACIÓN LABORAL	SISTEMA DE ACCESO ESTABILIZACIÓN (D.A.6.ª e 8ª LEI 20/2021)
CONDUTOR	CONDUTOR	1	LABORAL TEMPORAL X.C. OCUPADO	CONCURSO
PEÓN RECOLLIDA LIXO	PEÓN	1	LABORAL TEMPORAL X.C. OCUPADO	CONCURSO
TRABALLADOR/A SOCIAL	TRABALLADOR/A SOCIAL	1	LABORAL INTERINO/A X.C. OCUPADO	CONCURSO
TRABALLADOR/A SOCIAL	TRABALLADOR/A SOCIAL	1	LABORAL TEMPORAL X.P. OCUPADO	CONCURSO
PEÓN LIMPEZA VIARIA	PEÓN	1	LABORAL TEMPORAL X.C. OCUPADO	CONCURSO
INFORMADOR/A XUVENIL	INFORMADOR/A XUVENIL	1	LABORAL TEMPORAL X.C. OCUPADO	CONCURSO
EDUCADOR/A FAMILIAR	EDUCADOR/A FAMILIAR	1	LABORAL TEMPORAL X.P. OCUPADO	CONCURSO

DENOMINACION PRAZA	CATEGORIA	Nº PRAZAS	SITUACIÓN LABORAL	SISTEMA DE ACCESO ESTABILIZACIÓN (D.A.6.ª e 8ª LEI 20/2021)
OPERARIO DE OBRAS E SERVIZOS	OFICIAL 3ª	1	LABORAL TEMPORAL X.C OCUPADO	CONCURSO
AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL	AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL	1	LABORAL TEMPORAL X.C OCUPADO	CONCURSO
AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	2	LABORAL TEMPORAL X.C OCUPADO	CONCURSO
FORMADOR/A OCUPACIONAL	FORMADOR/A OCUPACIONAL	1	LABORAL TEMPORAL X.C OCUPADO	CONCURSO
ANIMADOR/A SOCIOCULTURAL	ANIMADOR/A SOCIOCULTURAL	1	LABORAL TEMPORAL X.C OCUPADO	CONCURSO
LIMPIADOR/A	LIMPIADOR/A	1	LABORAL TEMPORAL X.C OCUPADO	CONCURSO
AUXILIAR POLICIA LOCAL	AUXILIAR POLICÍA LOCAL	1	LABORAL TEMPORAL X.C OCUPADO	CONCURSO
ANIMADOR/A DEPORTIVO/A	ANIMADOR DEPORTIVO	1	LABORAL TEMPORAL X.C OCUPADO	CONCURSO
AUXILIAR ANIMADOR/A DEPORTIVO/A	AUXILIAR ANIMADOR/A DEPORTIVO/A	1	LABORAL TEMPORAL X.C OCUPADO	CONCURSO
AUXILIAR AXUDA A DOMICILIO	AUXILIAR AXUDA A DOMICILIO	2	LABORAL TEMPORAL X.C OCUPADO	CONCURSO
NORMALIZADOR/A LINGÜÍSTICO/A	NORMALIZADOR/A LINGÜÍSTICO/A	1	LABORAL TEMPORAL X.C OCUPADO	CONCURSO
AUXILIAR SERVIZOS SOCIAIS	AUXILIAR ADMINISTRATIVA	1	LABORAL TEMPORAL X.C OCUPADO	CONCURSO
AXENTE TIC	AXENTE TIC	1	LABORAL TEMPORAL X.C OCUPADO	CONCURSO
PEÓN	PEÓN	1	LABORAL TEMPORAL X.C OCUPADO	CONCURSO

DENOMINACION PRAZA	CATEGORIA	Nº PRAZAS	SITUACIÓN LABORAL	SISTEMA DE ACCESO ESTABILIZACIÓN (ART. 2 LEI 20/2021)
AUXILIAR DE AXUDA A DOMICILIO	AUXILIAR	3	LABORAL TEMPORAL X.C OCUPADO	CONCURSO-OPOSICIÓN

X.C. Xornada Completa

X.P. Xornada Parcial

SEGUNDO. Publicar a oferta extraordinaria de emprego público para a estabilización de emprego temporal do Concello de Fisterra, no taboleiro de anuncios da Corporación, así como na sede electrónica deste Concello <https://sede.concellofisterra.gal/> e no Boletín Oficial da Comunidade Autónoma correspondente, en cumprimento do artigo 91 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e do artigo 70.2 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro.

TERCEIRO. A publicación da convocatoria para a cobertura das prazas incluídas na oferta para a estabilización temporal deberá ser antes do 31 de decembro de 2022 e a súa resolución antes do 31 de decembro de 2024.

CUARTO. Notificar este acordo aos interesados, con indicación expresa dos recursos a interpor.

QUINTO: Dar conta ao Pleno da Corporación da presente resolución na primeira sesión ordinaria que se celebre, de conformidade co establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Mándao e asina o Sr. Alcalde - Presidente. Fisterra, o trece de maio de 2022, do que como secretario accidental certifico.

O alcalde

O secretario accidental

Asdo. José Marcote Suárez

Asdo. Juan Carlos Carril Pérez

2022/2889